



CIRCULAR 171-2024.

CIRCUITO GALEGO DE LANZAMENTOS LONGOS 2025

- **A todas as delegacións da FGA.**
- **A todos/as os/as asembleístas**
- **A todos os clubs galegos con licenza vixente**
- **A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente**
- **A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, co patrocinio do Concello de Ordes, o Circuito Galego de Lanzamentos Longos masculino e feminino.

Art.2).- Poderán intervir atletas Sub 16 e superiores, con licenza en vigor pola F.G.A.

- Nas probas que se celebren durante os meses de novembro e decembro, autorízase aos atletas que cambian de categoría na seguinte tempada, a participar cos artefactos autorizados da categoría inmediatamente superior.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as **20:00 horas do luns** anterior a cada proba.

- No caso de realizar inscrición en máis dunha proba, deberase **indicar "P1"** nas observacións da proba prioritaria.

Art. 4).- Calendario do circuío, programa e preferencias na admisión:

DATAS	PROBAS					
	DISCO		MARTELO		XAVELINA	
	Masc.	Fem.	Masc.	Fem.	Masc.	Fem.
12/01/25	✓	✓	✓	✓	✓	✓
01/02/25	✓	✓	✓	✓	✓	✓
13-14/12/25	✓	✓	✓	✓	✓	✓

- As tres xornadas celebraranse na Cidade Deportiva de Vista Alegre (Ordes – A Coruña): <https://maps.app.goo.gl/ZuUyauSkTTv6dCir6>
- No caso de ampliarse o número de xornadas que conforman o circuío, modificarase o presente documento.

Preferencias na admisión:

1ª Xornada	Máster	Mellores marcas
2ª Xornada	De Sub 16 a Sénior	Mellores marcas
3ª Xornada	-	De menor a maior marca

- A preferencia non exclúe a participación de atletas doutras categorías.



- Nas “probas prioritarias” terán preferencia os atletas segundo o recollido na táboa anterior.
- Naquelas probas que non sexan prioridade para o atleta, terán maior preferencia na admisión aqueles atletas que non teñan acadada praza nunha primeira proba.

Art.5).- Número de intentos:

- **Grupo A**
 - o Terán todos 3 intentos e, as 8 mellores marcas, independentemente da súa categoría, disporán doutros 3 intentos de mellora.
- **Grupo B**
 - o Terán todos 3 intentos, sen mellora.

Art.6).- Entrega de premios.

- Entregarase, na Gala da FGA, un trofeo á mellor marca masculina e feminina de cada especialidade, independentemente da categoría e peso do artefacto.

Art.7).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a servizos@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de **6€ por atleta**.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de **5€ por proba**, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo servizos@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

A Coruña, a 22 de novembro de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo